Un Numancia de dúas velocidades

Vitoria a domicilio do equipo de xuvenís por 1 a 4 na súa visita ó campo da Gándara de Ferrol na tarde do venres para enfrontarse á Escola de Fútbol do Ensanche. No descanso o marcador era de 0-3 favorable ós de Ares.

A Gándara (Ferrol), 1 de marzo de 2013

Aliñacións:

E.F.Ensanche: Javi, Cillero (Adri), Marcos, Conejero, Carlos (Dani Couto), Julián (C), Dani Álvarez, Luís, Borja, Iván (Carlos) e Martín (David).

Adestrador: José Antonio Rivera López
2º Adestrador: Rubén Rodríguez Fernández
Delegado: Lorenzo Fernando Luaces Picos

Numancia: Xaime (Cristián), Miguelito (Isaías), Darío, Adrián, Pepe, Martín (C), Borja, Roque, Ivi (Marcelo), Alex Pita e Miguel (Ángel).

Adestrador: Marcos Amor Roel
2º Adestrador: ---
Delegado:Ramón Andrés Rodríguez Vigo

Árbitro: D. Daniel Barrera Lourido amosou cartóns amarelos ó adestrador local e ós xogadores Carlos, Dani e Luis da E.F. Ensanche. Tamén veu cartón amarelo Pepe do Numancia.

Goles: Borja para a E.F. Ensanche e Alex Pita (2), Ivi e Borja para o Numancia.

0-1 (18') Ivi.
0-2 (32') Alex Pita.
0-3 (40') Alex Pita.
1-3 (47') Borja.
1-4 (89') Borja (p)

Na primeira metade foi o conxunto aresano o que en todo momento marcou o ritmo, controlou e tivo a posesión, ante un Ensanche que trataba de sorprender á contra e con balóns en longo, pero que apenas inquietou a área numantina nos primeiros corenta e cinco minutos de xogo. Perdoarían os de Ares dous boas oportunidades nos minutos iniciais para adiantarse no marcador, polo que habería que chegar ata o minuto vinte de xogo para ver o primeiro gol. Sería Ivi despois dun pase en longo de Martín o que definiría de disparo cruzado dende o bordo da área. Á media hora de xogo Alex Pita toca coa punta da bota unha falta colgada á área por Pepe e marca o segundo. E a cinco minutos do final do primeiro asalto, sería de novo Alex Pita, nesta ocasión a centro de Borja, o que queda só ante o porteiro para batelo por abaixo. Con este resultado de 0 - 3 e cunha moi boa impresión dos de Ares marcharíamos ao descaso.

Aos dous minutos da reanudación, unha perda de balón no centro do campo propicia un rápido contraataque por banda esquerda que culmina Borja co balón no fondo da rede visitante. Este gol animou e meteu no partido ao Ensanche, en contra dun Numancia máis gris que non chegou a ter en toda a segunda metade a soltura e o dominio do primeiro período. Na segunda parte viuse un partido máis aberto e máis igualado, con moito centrocampismo e con pouca profundidade por parte dos dous equipos. Non sería ata o final do segundo tempo, e despois dunha pena máxima sobre Borja, que él mesmo se encargaría de transformar, cando chegaría o cuarto e definitivo gol visitante. Ao final do partido EF Ensanche, 1 - Numancia, 4 nunha segunda metade algo apagada dos de Ares.